



## A Virgen de Portas Abertas

*IV 813b*

Virgen de Portas Abertas,  
vídela vai na ribeira  
cunha cestiña nos brazos / na mau  
deprendendo a costureira.

*IV 926*

Virgen de Portas Abertas  
meniñas vámola ver  
deixei a miña mantilla  
doblada por estender.

*IV 832b*

Virgen de Portas Abertas,  
ai, todas as tendes cerradas  
por alor das aguas frías  
ai, que ven de serras nevadas.

*IV 831a*

Virgen de Portas Abertas  
ai, alá fun i hei de volver  
ten a fonte tras da casa  
ai, auga de lindo beber.

*IV 835a*

Virgen de Portas Abertas  
ai, ten os zapatiños blancos  
i as nenas de Florderrei  
ai, vana ver os días Santos.

*IV 823b*

Virgen de Portas Abertas  
ai, véndela vai na ribeira  
collendo pedriñas de ouro  
ai, meténdoas na faltriqueira.

*IV 772a*

Virgen de Portas Abertas  
ai, tan altiña se foi por  
o máis algo pico tiña  
ai, dando vista a Vilaflor.



*IV 773b*

Virgen de Portas Abertas  
ai, tanta altiña se foi por  
dalle o aire dalle o vento  
ai, dalle a raciña do sol.

*IV 818a*

Virgen de Portas Abertas  
ai, oliños de perdighón  
velos lle van relumbrando  
ai, no medio da procisión.